



# VISITA TÉCNICA AO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE CERCEDA



**TERRANOVA**

*Interpretación y Gestión Ambiental, S.L.*

Tfno: 981 173691 Fax: 981 177527

terranoval@terranoval-sl.es www.terranoval-sl.es

# ÍNDICE

1. Obxectivos.
2. Destinatarios/as.
3. Metodoloxía.
4. Duración e desenvolvemento da visita técnica.



## 1. Obxectivos

- Contribuír a un mellor coñecemento de SOGAMA por parte da cidadanía, a súa filosofía de traballo, actividade, obxectivos, etc.
- Fomentar o coñecemento e comprensión por parte dos cidadáns e das cidadás do traballo desenvolvido por SOGAMA nas diferentes áreas: xestión ambiental, enerxías renovables, innovación tecnolóxica e desenvolvemento sustentable.
- Orientar en actitudes persoais na procura dunha mellora dos comportamentos ante os residuos e, por extensión, fomentar a cultura da sustentabilidade, concienciando sobre a importancia da redución de residuos.
- Motivar a poboación para que participe activamente no Plan de Tratamento de Residuos desde a recollida selectiva e a separación en orixe.
- Contribuír a aumentar os coñecementos técnicos dos visitantes sobre instalacións do tipo do Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC).

## 2. Destinatarios/as

As visitas técnicas están deseñadas de tal forma que resulten atractivas para público cunha formación máis ampla ou tamén para aqueles colectivos relacionados directamente co sector ambiental. Recoméndase esta visita a grupos de adultos (maiores de 17 anos) con interese e/ou coñecementos suficientes para realizar unha visita completa polas diferentes naves do Complexo Medioambiental de Cerceda. É dicir, esta actividade está recomendada para colectivos como:

- Alumnos/as de 1º e 2º de Bacharelato.
- Alumnos/as de Formación Profesional-ciclos formativos.
- Universitarios/as.
- Asociacións e outros colectivos.
- Técnicos/as especialistas de organismos públicos ou privados.

### 3. Metodoloxía

A metodoloxía empregada nas visitas está baseada nunha educación activa e participativa, na que os/as visitantes sexan elementos activos e colaboren nas explicacións no só coas súas preguntas, senón tamén coas súas opinións, comentarios, etc., de tal forma que exista unha retroalimentación constante entre o educador/a e os/as visitantes, pretendendo así que a visita resulte moito máis amena e interesante.

Os contidos, as explicacións e incluso a dinámica a seguir variará segundo as características do grupo: nivel de formación, coñecementos técnicos, intereses específicos, etc.

A secuencia de actividades e a duración da visita están deseñadas de tal forma que se adapte o máximo posible á consecución dos obxectivos previamente marcados e, ademais, siga as liñas básicas do proceso educativo:

- a) Detectar os coñecementos e ideas previas dos/das visitantes para adaptar os contidos.
- b) Introducción aos conceptos básicos a tratar durante a visita.
- c) Desenvolvemento da actividade principal.
- d) Conclusión e reforzo das ideas clave.



## 4. Duración e desenvolvemento da visita técnica.

O esquema xeral da visita técnica seguirá sempre as mesmas pautas, co obxectivo de manter a calidade educativa e o cumprimento estrito das normas de seguridade que rexen na instalación.

A visita terá unha duración aproximada de 1 hora e 45 minutos, e a secuencia que se seguirá durante a actividade será esta:

1. **Recepción dos/das visitantes no aparcadoiro do Complexo Medioambiental de Cerceda.** 5 minutos. Os educadores/as recibirán as persoas visitantes no aparcadoiro e acompañaranas ao interior do edificio de oficinas.
2. **Presentación inicial e breve audiovisual introdutorio.** 20 minutos. Breve audiovisual comentado sobre a Sociedade Galega do Medio Ambiente en xeral e a xestión dos residuos en particular.
3. **Visualización da instalación sobre unha maqueta.** 10 minutos. Breve descrición das instalacións, procesos e funcionamento destas. Entrega dun plano das instalacións e recordatorio das normas de seguridade do recinto.
4. **Visita guiada a pé polas diferentes naves do Complexo Medioambiental.** 60 minutos. Visita guiada a pé polas instalacións do CMC realizando paradas nas seguintes naves:
  - Planta de clasificación de envases lixeiros.
  - Planta de elaboración de CDR (combustible derivado de residuos).
  - Planta de coxeneración.
  - Almacén de CDR (combustible derivado de residuos).
  - Planta termoeléctrica (zona de caldeiras, turbina, sala de control e laboratorio).
5. **Coloquio final, entrega de enquisas de avaliación e material educativo.** 15 minutos. Conclusión final e resolución das últimas dúbidas, entrega dos cuestionarios de avaliación a cubrir polas persoas visitantes e entrega de material educativo e obsequios.
6. **Despedida do grupo.**

## 5. Percorrido pola instalación

### Complejo Medioambiental de Cerceda

